


DJUGGLEDY

 + INFO
 VÍDEO



O “tolo guiri alemán” presenta un, dous, tres... até sete diábolos á vez, dun xeito espectacular, con moitas risas e enerxía positiva. Trucos orixinais, e moita imaxinación nun número excepcional cun diábole inquedo, atrevido e audaz que non para nin un momento. Djuggledy nun show que fai participar a todo o público, creando un ambiente inesquecible.

DADO

 + INFO
 VÍDEO



Neste espectáculo, Dado presenta unha hipnótica selección de accesorios orixinais e unha inesquecible comedia física, mesturada cunha increíble variedade de inusuais e excéntricos instrumentos. Traemos un cóctel alucinante de tolemaia de clase mundial, que entretivo ao público en festivais de todo o planeta.

ANDY SNATCH

 + INFO
 VÍDEO



Imbalance é un espectáculo no que hai demasiadas pelotas no aire durante os números de malabares e onde o perigo está sempre presente. Ademais, porase a proba toda a coordinación de Andy. O desastre vese vir...

BERGAMOTTO CLOWN

 + INFO



Un espectáculo que nos convida a unha viaxe pola paternidade e o mundo dos coidados. Poesía visual, xestual, clown e moito humor a través da tenrura dunha adorable personaxe.